

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA UN DE FEBREIRO DE 2011, CON CARÁCTER ORDINARIO.**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA  
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ  
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE  
D<sup>a</sup>. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO  
D<sup>a</sup>. ANA BELÉN PICÓN COTOS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e dez minutos do día un de febreiro de dous mil once, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

**1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior**

Dáse conta da acta da sesión celebrada o vinte e cinco de xaneiro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

**2º.- Instancias de obras de particulares**

**2.1.- Instancia num. 97/11 de don Manuel González Cebeiro**

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Vedra, solicita licenza para a rehabilitación da súa vivenda, de aproximadamente 100 m2 en planta, consistente en cambiar o tellado colocando uralita e tella, situada en Marzán de Abaixo, en solo cualificado no PXOM como de núcleo rural (N-1).

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio así como as pendentes dos faldróns; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia a tella será cerámica. Ademais en cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas



de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de setenta e seis euros con catorce céntimos (#76,14#)

#### 2.2.- Instancia num. 58/11 de don Lorena Merlos Moran

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Pedro de Vilanova, solicita licenza para a construción de canalización, de aproximadamente 50 m para a conexión á rede de sumidoiros, no lugar de Galegos.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás condicións que impoña a empresa Aguagest, S.L, concesionaria do servizo

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de trinta (#30,00#) euros

#### 2.3.- Instancia num. 13/11 de dona Josefina Casal Rey

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Fins de Sales, solicita licenza para proceder á parcelación da finca num. 647 de concentración parcelaria de San Fins de Sales e San Andrés de Illobre, situada no lugar de Nande, en solo cualificado no PXOM como de núcleo rural (N-1); solo de expansión de núcleo rural (N-2) e solo rústico de especial protección agropecuaria (R-2), en catro parcelas resultantes de acordo co proxecto presentado redactado polo enxeñeiro técnico agrícola don Juan Ramón Casais Pedreira.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada nos termos do proxecto presentado e aprobar a liquidación das taxas , xa ingresadas na tesoureiría municipal, que ascenden á cantidade de douscentos corenta (#240,00#) euros.

#### 2.4.- Instancia num. 131/2011 de dona M<sup>a</sup>. Josefa Cabo Picanes

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Mamede de Ribadulla, solicita licenza para proceder á parcelación da finca num. 694 de concentración parcelaria de Ribadulla, situada en Canicoba, en solo rústico de especial protección forestal (R-3) segundo o PXOM, en dúas parcelas resultantes, de acordo co proxecto presentado redactado polo enxeñeiro técnico agrícola don Javier Bellet García

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza de segregación nos termos do proxecto presentado, e aprobar a liquidación das taxas xa ingresadas na tesoureiría municipal, que ascenden á cantidade de cento vinte (#120,00#) euros

### **3º.- Acordo, se procede, sobre devolución de avais**

#### 3.1.- Escrito num. 2.112/10 de Promotora Matimán, S.L



Dáse conta da citada instancia na que don Juan Carlos Martínez Barreiro, en representación de Promotora Matimán, S.L, solicita a devolución dos avais constituídos para responder da execución das seguintes obras *Acondicionamiento de la Casa del Ferrocarril en Santa Cruz de Ribadulla e Acondicionamento do Colexio de Ortigueira para instalación de comedor*, incluídas ámbalas dúas no *Fondo Estatal de Inversión Local 2009*.

Dáse conta asimesmo que durante o periodo de exposición pública non se presentaron reclamacións

A Xunta de Goberno acorda proceder á devolución dos citados avais

#### **4º.- Acordo sobre requerimento ao candidato que presentou a mellor oferta para a adxudicación do contrato de xestión das instalacións e actividades do pavillón municipal**

A Xunta de Goberno, de conformidade co establecido no artigo 135.2 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, como candidato que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa para ser adxudicatario do contrato de servizo consistente na xestión das instalacións e actividades do pavillón municipal, acorda requirir á empresa Grupo Acofide, S.L para que no prazo de 10 días hábiles a contar dende o seguinte a recepción do presente requerimento, presente a seguinte documentación:

- 1.- Documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 2.- Documentación xustificativa de dispor efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato
- 3.- Garantía definiva (5% do importe , excluído o IVE)

#### **5º.- Acordo, se procede, sobre solicitude de axudas varias**

5.1.- Solicitude de axudas para o financiamento de proxectos en materia de xestión de residuos

Dáse conta da Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, do 29 de decembro de 2010, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de proxectos en materia de xestión de residuos, ao tempo que se fai pública a súa convocatoria para o ano 2011, cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do Programa operativo Feder Galicia 2007-2013 (DOG num.2/, do 4 de xaneiro).

Ao abeiro da mesma, a Xunta de Goberno acorda solicitar unha axuda para a introdución de melloras na xestión e explotación do punto limpo, segundo memoria elaborada ao efecto.

5.2.- Solicitude de subvención para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego

Dáse conta da Orde da Consellería de Traballo e Benestar, do 31 de decembro de 2010, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública



para a concesión de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego (DOG num. 9/11, do 14 de xaneiro).

Ao abeiro da mesma, a Xunta de Goberno acorda solicitar unha subvención para a contratación dun/unha orientador/a laboral.

#### **6º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía**

6.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e sete de xaneiro do ano que andamos, pola que se dá conta do cumprimento de trienios das seguintes traballadoras: Patricia Deber Muíños (2º) e dona Mª. de la Cruz Vilas Giadanes (4º)

A Xunta de Goberno dáse por enterada

6.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e seis de xaneiro do ano que andamos, pola que en relación co expediente de reposición da legalidade tramitado por obras de construción de peche en Paradela -San Xián de Sales por dona Carmen Costa Piñeiro, acorda incoar expediente para a imposición de multas coercitivas ata o cumprimento do ordenado na Resolución da Alcaldía de data 24/09/2010, pola cuantía de 1.000,00 euros, reiterables mensualmente ata lograr a execución da orde de demolición.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

Conclúe ao fin das vinte e dúas horas e quince minutos

